

Na entrevista que CSI-CSIF mantivo coa Consellería de Educación tivemos a oportunidade de expor temas que quedaron pendentes do curso anterior tales como a retribución das titorías, a redución da xornada lectiva para maiores de 55 anos sen perda retributiva, o calendario escolar, a modificación dos ROC así como a elaboración dun específico para os centros de Ensinanzas de Réxime Especial ou a figura do mediador escolar.

Expresámoslle tamén a preocupación que o noso Sindicato amosa pola situación de inestabilidade que está a atravesar o sistema educativo no noso país e a nosa satisfacción polo acordo asinado o 20 de outubro en Madrid.

Con respecto ás implicacións que dito Acordo teña na nosa Comunidade, comunicámoslle que o día 27 de outubro CSI-CSIF acordou formar unha plataforma conxunta con CCOO, FETE-UXT e ANPE, representantes da maioría do profesorado do ensino público galego, para acometer o desenvolvemento do acordo en Galicia así como mostrar a nosa confianza na boa disposición desta Administración Educativa para levar adiante un Estatuto Galego da Función Pública Docente.

A Conselleira falou do interese que o seu departamento tiña na elaboración dun ROC específico para as Ensinanzas de Réxime Especial pero que para acometelo debían esperar a que saíse o novo Real Decreto. Salientaron o incremento de dotación de persoal docente en 125 prazas, a creación de 25 novas de auxiliar administrativo e do aumento das prazas de coidadores.

Adiantaron ademais, que esperaban que a principios do ano se puxeran en marcha centros piloto en Lugo e en Pontevedra para que os centros ampliasen o seu horario e poder ofertar actividades deportivas e culturais. Comprometeuse a mellorar o funcionamento dos comedores escolares, en aumentar as liñas de transporte escolar e a incrementar a figura do acompañante nas rutas escolares.

Mostrou a súa disposición de colaborar no Estatuto da función Docente cando estivese aprobado o Estatal.